



En Ponteareas, a 11 de abril de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, don JUAN CARLOS GONZÁLEZ CARRERA, con DNI 35561703T, 1º Tte. da alcaldesa do Concello de Ponteareas, que ten a competencia delegada mediante Decreto de Alcaldía núm. 2023-2084, do 19 de outubro de 2023, (“en diante, O Concello”)

e, doutra, MIGUEL A. GARCÍA CORREA con DNI 36.040.402T, presidente da Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas con CIF G94163144, quen comparece en nome e representación da mesma.

Recoñécense mutuamente capacidade legal para a representatividade das devanditas institucións e asinan o presente convenio, para o que

MANIFESTAN

I. Que a Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas, vén desenvolvendo diversas actividades de promoción das alfombras de flores do Corpus Christi propias dos seus fins.

II. Que o antedito labor vén a satisfacer necesidades de divulgación e promoción da confección das alfombras de flores, realizadas en Ponteareas para o paso da procesión do Copus Chirsti, tradición que se mantén viva dende hai dous séculos e recoñecida como Festa de Interese Turístico Internacional. Tamén é necesaria a presenza e participación de alfombristas de Ponteareas nas entidades de arte efémera de carácter internacional así como noutros eventos dentro do Estado Español, motivos polos que o desempeño da Asociación resulta útil para unha maior proxección da Festa do Corpus Christi a nivel internacional e tamén para acadar o recoñecemento como Ben de Interese Cultural, expediente que foi incoado pola publicación no DOGA de 21 de xuño de 2023.

III. Que, en base ao antedito, resulta primordial que se manteña o funcionamento da Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas e que siga a desenvolver as labores antes referidas. E que, en orde a colaborar activamente coa Asociación no cumprimento dos fins que lle son propios, entende oportuna a subscripción do presente **CONVENIO DE COLABORACIÓN**, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS



PRIMEIRA. Obxecto e finalidade

A Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas, en virtude do presente convenio, obrígase ante o Concello de Ponteareas a desenvolver durante o presente ano 2024 as actividades de promoción e divulgación da festividade do Corpus Christi, así como da confección das alfombras de flores, tanto no Estado como a nivel internacional, en eventos relacionados coa confección de alfombras de flores e de arte efémera.

Durante o presente ano 2024, a Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas colaborará, a petición do Concello, nas actividades relativas ao Corpus que a Institución Municipal realice fora de Ponteareas.

O Concello, en apoio do funcionamento da Asociación, e dadas as actuais circunstancias económicas e as dificultades para captar recursos, contribuirá ao mantemento da mesma coa achega de 15.000,00 Euros.

SEGUNDA.- Seguimento do convenio

O Concello designará en calidade de responsable municipal de seguimento dda execución do convenio a unha traballadora do departamento de cultura.

TERCEIRA.- Xustificación e pago

A data límite para presentar a conta xustificativa é o 15/10/2024.

O pago da achega económica que o Concello compromete a través do presente Convenio farase efectiva na conta facilitada pola asociación, previa presentación por parte de Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas, dunha Memoria económica xustificativa dos gastos devengados na execución do obxecto do presente Convenio.

Así mesmo, a Asociación de alfombristas comprométese a presentar as facturas e xustificantes bancarios da realización efectiva das actividades que se subvencionan polo 100% do importe concedido antes do día 15/10/2024.

O Concello incorporará, á memoria económica xustificativa da Asociación de alfombristas un informe emitido pola responsable municipal de seguimento do convenio, designada conforme á cláusula anterior, acreditativo do cumprimento do seu obxecto

CUARTA. Aplicación orzamentaria.

A execución do presente convenio farase con cargo á aplicación orzamentaria 33000 4802005 do orzamento municipal do ano 2024.

QUINTA. Vixencia.



A vixencia do presente convenio estenderase dende a data de súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024. En caso de que o beneficiario non achegue a xustificación completa dos gastos realizados, con toda a documentación antes enumerada, con data límite 15/10/2024, decaerá o dereito da percepción dos fondos concedidos.

O pago anticipado do 80% da contía do convenio, 12.000€, mediante transferencia para así facilitar o normal desenvolvemento da Asociación.

O Pago do 20% restante, 3.000€, que terá carácter de liquidación da subvención previa comprobación da documentación presentada e sempre cando a xustificación esté completa e correcta.

SEXTA. Interpretación e xurisdición

Todas as cuestións que poidan aparecer a interpretación e execución do presente convenio, considerando a súa natureza xurídico - administrativa, serán sometidas ao orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

SEPTIMIA.-Lexislación Aplicable.

En todo o non previsto neste Convenio, estarase a disposición da Lei xeral de subvencións, 38/2003 de 17 de novembro, e no regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

OCTAVA. -Devolución e reintegro

1.- Procederase ao reintegro das cantidades percibidas, incluídos os intereses de demora desde a recepción do importe da subvención, nos seguintes casos:

- a) Incumprimento da finalidade para o que foi concedida a subvención.
- b) Se o importe da subvención concedida en concorrencia con subvencións e outras axudas doutras Administracións Públicas, ou doutros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, superase o prezo das actividades para desenvolver polo beneficiario, procederá ao reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade desenvolvida.

2- As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de Dereito público, sendo de aplicación para o seu cobro o disposto no artigo 10 del Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, e o artigo 17 de la Ley 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria.

NOVENA. -Publicidade do convenio



En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS, en adiante) comunicaráselle a subscripción

deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, o Concello de Ponteareas publicará o texto íntegro do convenio no portal de transparencia.

Así mesmo, estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

O que asinan dixitalmente os comparecentes, por duplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados ut supra.

Ponteareas, documento asinado dixitalmente á marxe.

